



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

*Informe climatolóxico primavera 2018*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO PRIMAVERA 2018**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN .....</b>	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2018 EN GALICIA.....</b>	<b>3</b>
<b>2.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>3</b>
<b>2.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>8</b>
<b>3</b>	<b>EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.....</b>	<b>12</b>
<b>3.1.</b>	<b>Temperatura.....</b>	<b>12</b>
<b>3.2.</b>	<b>Precipitación.....</b>	<b>15</b>

**Data edición: 08/01/2019**



## Primavera fría e moi húmida.

### 1 INTRODUCCIÓN

A continuación preséntanse unha descrición climatolóxica que caracterizou á estación de primavera (marzo de 2018 a maio de 2018). Así, analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo considerando o período de referencia 1981-2010.

As anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar a estación en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente frío
Entre 5% e 20%	Moi frío
Entre 20% e 40%	Frío
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Cálido
Entre 80% e 95%	Moi cálido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente cálido.

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar a estación en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

Percentil	Categoría
< mínimo en 1981-2010	Extremadamente seco
Entre 5% e 20%	Moi seco
Entre 20% e 40%	Seco
Entre 40% e 60%	Normal
Entre 60% e 80%	Húmido
Entre 80% e 95%	Moi Húmido
>máximo en 1981-2010	Extremadamente Húmido.

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste primavera e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada na primavera respecto do valor da media climática correspondente.

## **2 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NA PRIMAVERA 2018 EN GALICIA.**

### **2.1. Temperatura**

A primavera de 2018 (balance dos meses de marzo, abril e maio) foi fría con respecto ao período de referencia 1981-2010, con unha anomalía negativa na temperatura media de 0.6 °C. Isto debeuse principalmente as temperaturas máximas que presentaron unha anomalía negativa de case 1 °C con respecto a este período de referencia, resultando moi frías. Sen embargo, a mínimas nesta primavera de 2018 resultaron normais.

No mes de marzo, as temperaturas estiveron moi por debaixo do agardado. A ausencia de situacións anticiclónicas fixo que as temperaturas diúrnas non acadasen valores moi elevados. Ademais, a presenza de borrascas con orixe con moito aire frío que deixaron valores moi baixos de temperatura sobre todo nas comarcas do interior. Así a anomalía de temperatura media neste mes foi para a serie rexional obtida con once estacións meteorolóxicas -2.33 °C, resultando o máis frío dos últimos 34 anos. As máximas, extremadamente frías, acadaron o mínimo histórico da serie (1975) e as mínimas tamén foron moi frías con unha anomalía de -0.7 °C.

O mes de abril, presentou temperaturas que en conxunto foron normais ao compensarse mesmas polos cambios moi bruscos debidos á variabilidade das situacións que afectaron á Comunidade, que mesmo acadaron valores propios do verán na segunda quincena, a temperaturas moi baixas, máis propias do inverno nas derradeiras xornadas do mes. Así, a anomalía de temperatura media presenta un gran contraste entre o oeste (con anomalías negativas de case 1 °C) e o terzo norte da Comunidade (cálido, con anomalías positivas que nalgúns casos estiveron preto dos 2 °C). Así, a temperatura media acadou valores normais no conxunto de Galicia, resultando un mes lixeiramente cálido, cunha anomalía de +0.39 °C.

A primavera remata con un mes de maio no que as temperaturas medias resultaron normais, aínda que con moita variabilidade no transcurso do mesmo, nos que se deron variacións bruscas de temperaturas, especialmente fríos na primeira metade do mes e cálidos na segunda. Ourense é un bo exemplo desta situación, presentando 8 días nos que non se acadaron os 20 °C, e 7 días nos que se superaron os 29 °C. No conxunto de Galicia, a anomalía de temperatura media foi de 0.4 °C, resultando un mes normal para esta variable.



Nas táboas 1 e 2 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega na estación de primavera de 2018 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. O día do primavera máis caloroso tendo en conta as dúas altitudes foi o 24 de abril, no que se superaron os 30 °C en moitas localidades.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2018 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2018	Remuíño	Arnoia	Ourense	34.8
24/04/2018	EVEGA Leiro	Leiro	Ourense	32.5
24/04/2018	Ourense-Estacións	Ourense	Ourense	32.0
24/04/2018	Ourense	Ourense	Ourense	31.9
24/04/2018	Prado	Castrelo de Miño	Ourense	31.6
19/05/2018	Cequeliños	Arbo	Pontevedra	31.0
24/04/2018	Verín-Vilela	Verín	Ourense	31.0
20/04/2018	Pontevedra-Campolongo	Pontevedra	Pontevedra	30.9
20/04/2018	Areas	Tui	Pontevedra	30.7
24/04/2018	Xabrega	Sober	Lugo	30.7

**Táboa 1:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2018 a altitude menor de 1000 m.

Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera 2018 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
24/04/2018	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	26.0
24/04/2018	A Mezquita	A Mezquita	Ourense	25.7
24/04/2018	Xurés	Muíños	Ourense	24.7
24/04/2018	Corzos	A Veiga	Ourense	24.0
24/04/2018	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	23.8
24/04/2018	San Xoán de Río	San Xoán de Río	Ourense	23.6
24/04/2018	Serra do Eixe	A Veiga	Ourense	23.2
24/04/2018	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.9
18/04/2018	Ancares	Cervantes	Lugo	22.1
24/04/2018	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	22.0

**Táboa 2:** Temperaturas máximas máis altas rexistradas na primavera de 2018 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade na primavera de 2018 para as estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude respectivamente. Neste caso, o día 21 de marzo foi un dos máis fríos da primavera, aínda que en altitudes por riba dos 1000 m, na xornada do 22 de marzo tamén se rexistraron temperaturas moi baixas

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2018 por riba dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
21/03/2018	Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-9.5
21/03/2018	Cabeza de Manzaneda	Manzaneda	Ourense	-8.9
21/03/2018	Xares	A Veiga	Ourense	-8.7
21/03/2018	Corzos	A Veiga	Ourense	-7.5
21/03/2018	O Cebreiro	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-7.1
21/03/2018	Serra do Eixe	A Veiga	Ourense	-6.2
21/03/2018	Ancares	Cervantes	Lugo	-5.9
21/03/2018	Alto do Poio	Pedrafita do Cebreiro	Lugo	-5.8
21/03/2018	Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	-5.4
22/03/2018	O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	-5.2


**Táboa 3:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2018 a altitude superior a 1000m.

Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera 2018 por debaixo dos 1000 m de altitude				
Data	Estación	Concello	Provincia	TA (°C)
22/03/2018	Calvos	Calvos de Randín	Ourense	-8.0
21/03/2018	Baltar	Baltar	Ourense	-6.3
22/03/2018	Verín-Vilela	Verín	Ourense	-5.1
22/03/2018	Morelle	Sarria	Lugo	-5.0
22/03/2018	Castro R. de Lea	Castro de Rei	Lugo	-4.5
22/03/2018	Lanzós	Vilalba	Lugo	-4.4
22/03/2018	Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	-4.4
22/03/2018	Ventosa	Navia de Suarna	Lugo	-4.2
22/03/2018	Sambreixo	Guitiriz	Lugo	-4.1
22/03/2018	Mouriscade	Lalín	Pontevedra	-4.0

**Táboa 4:** Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na primavera de 2018 a altitude inferior a 1000m.



Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para a primavera de 2018. Os valores máis baixos de temperatura observáronse nas zonas de alta montaña de Ourense, con valores que estiveron moi preto dos 4 °C, aínda que con valores lixeiramente superiores, tamén se aprecian claramente as baixas temperaturas da montaña luguesa, tanto nos Ancares como na Serra do Xistral, e a dorsal galega. As temperaturas máis altas déronse na provincia de Pontevedra, principalmente no litoral e o Baixo Miño, con temperaturas próximas aos 13 °C.




Tmed - 2018\_primavera

[www.meteogalicia.es](http://www.meteogalicia.es)

**Figura 1:** Temperatura media na primavera 2018

Na figura 2 pódese ver para esta primavera o mapa de anomalías de temperatura media respecto do valor de referencia no período 1981-2010. En xeral, tratouse dunha primavera fría, cunha anomalía media, segundo os valores do mapa, de  $-0.7\text{ }^{\circ}\text{C}$ . Os rexistros máis altos de anomalía de temperatura acadáronse principalmente no norte da Comunidade, e en comarcas do interior da provincia de Lugo de Ourense, con valores que apenas chegaron aos  $0.8^{\circ}\text{C}$ , mentres que o resto da Comunidade presenta anomalías negativas, onde os valores máis baixos rexistráronse nas comarcas de Trives e Viana, con valores de case 2 graos por debaixo do normal. Destacan tamén as anomalías negativas das zonas litorais do sur da provincia de A Coruña e Pontevedra.



**Figura 2:** Mapa de anomalías da temperatura media na primavera 2018



## **2.2. Precipitación**

En conxunto, pódese cualificar esta primavera como moi húmida, cun 72% de precipitacións superior ao valor agardado, no período de referencia 1980-2010. A escaseza das chuvias rexistradas no mes de maio (moi seco), non foron quen de compensar un mes de marzo extremadamente húmido, seguido dun mes de abril que tamén resultou húmido.

A chegada moi frecuente de fortes borrascas atlánticas, fixo que o mes de marzo fose moi chuvioso. De feito, houbo moitas localidades nas que se acadaron rexistros históricos de valores de precipitación mensual acumulados. Tanto a precipitación rexistrada como os días de chuva estiveron moi por riba do agardado. Como exemplo, a cidade de Lugo, superou o rexistro máximo de precipitación que se dera en 2001. Neste mes, destacaron borrascas como “Enma”, “Félix”, “Gisele” e “Hugo”, que deixaron ademais de numerosas chuvias, ventos moi fortes e alturas de onda tamén moi elevadas. A precipitación media da serie rexional galega construída a partir de 16 estacións meteorolóxicas, foi de 343 L/m<sup>2</sup>, que representa unha porcentaxe dun 262 % por riba do normal no período de referencia 1981-2010, sendo o máis húmido da serie superado tan só polo ano 2001.

O mes de abril resultou húmido, debido tamén á variabilidade das situacións sinópticas que afectaron á Comunidade neste período. As precipitacións no mes foron cuantiosas, tanto que xa na primeira quincena do mes, xa se estaba por riba dos rexistros normais de precipitación para esta época do ano. O valor medio da precipitación acumulada neste mes foi de 150 L/m<sup>2</sup>, representando un 31 % por riba do normal no período de referencia 1981-2010, resultando abril húmido e sendo o seu precedente máis próximo o ano 2016.

A primavera rematou cun mes de maio moi seco, no que a pesar de que se deron xornadas con chuvias xeneralizadas, estas non foron moi cuantiosas. Ademais, hai que ter en conta a gran variabilidade das situacións que afectaron á Comunidade, con períodos cálidos e secos e outros fríos pero con escasa precipitación. Só en puntos da montaña de Lugo, observáronse valores de precipitación acumulada máis elevados, debido a chuvias moi localizadas de orixe tormentoso moi frecuente. Tendo en conta a precipitación media da serie rexional galega construída con 16 estacións meteorolóxicas, o valor medio de 2018 foi de 44 L/m<sup>2</sup>, representando un 50% por debaixo do normal, co precedente máis próximo no ano 2011.



Na táboa 5 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados nesta primavera de 2018.

Precipitación máxima estacional na primavera 2018			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Fornelos de Montes	Fornelos de Montes	Pontevedra	1053
Muralla	Lousame	A Coruña	914
Pereira	Forcarei	Pontevedra	914
Fontecada	Santa Comba	A Coruña	901
Xurés	Muíños	Ourense	843
Entrimo	Entrimo	Ourense	820
O Invernadeiro	Vilariño de Conso	Ourense	811
Lesende	Lousame	A Coruña	798
Rebordelo	Cotobade	Pontevedra	791
Amiudal	Avión	Ourense	783


**Táboa 5:** Valores máximos de precipitación acumulada na primavera de 2018.

Na táboa 6 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados:

Precipitación mínima estacional na primavera 2018			
Estación	Concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Lardeira	Carballeda de Valdeorras	Ourense	219
Punta Candieira	Cedeira	A Coruña	226
Casaio	Carballeda de Valdeorras	Ourense	246
Punta Langosteira	Arteixo	A Coruña	254
Coruña-Bens	A Coruña	A Coruña	255
Coruña-Torre de Hércules	A Coruña	A Coruña	258
Coruña-Dique	A Coruña	A Coruña	267
Xares	A Veiga	Ourense	271
Larouco	Larouco	Ourense	294
Pedro Murias	Ribadeo	Lugo	309


**Táboa 6:** Valores mínimos de precipitación acumulada na primavera de 2018

Na figura 3, móstrase a precipitación total acumulada nesta primavera de 2018. Os valores máis altos rexistráronse nas localidades da Serra do Suído, con máis de 1000 L/m<sup>2</sup>, e os valores máis baixos rexistráronse na Carballeda de Valdeorras, onde se superaron lixeiramente os 100 L/m<sup>2</sup>. O valor medio de precipitación para o conxunto de Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 547 L/m<sup>2</sup>, resultando unha primavera moi húmida.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada na primavera de 2018.

Na figura 4 móstrase o mapa de anomalías de precipitación en forma de porcentaxe con respecto aos valores normais (1981-2010), sendo 100% a porcentaxe que representa a normalidade. As zonas con menor precipitación respecto ao valor climatolóxico sitúanse na provincia de Ourense, concretamente nas comarcas situadas na metade leste (zona Manzaneda-Trevinca). Pola contra, na Baixa Limia, rexistráronse os valores máis altos de precipitación resultando nesta rexión unha porcentaxe de máis dun 350% do valor de referencia normal. Considerando os valores do mapa da figura 4, o valor medio de anomalía de chuvia para Galicia foi un 166% superior ao normal dunha primavera.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática na primavera de 2018.

### 3 EVOLUCIÓN HISTÓRICA DA TEMPERATURA E A PRECIPITACIÓN DE PRIMAVERA.

#### 3.1. Temperatura

A temperatura media de primavera para Galicia, considerando once estacións meteorolóxicas representativas, presentou unha anomalía negativa de  $-0.1$  °C con respecto ó período climático de referencia 1971-2000 e de  $-0.6$  °C con respecto ao 1981-2010. Como resultado disto tratouse dunha primavera fría tendo como referencia o período 1981-2010 segundo a táboa 0.1. Isto pódese observar na seguinte táboa:

Temperatura media primavera(°C)		
2018	1971-2000	1981-2010
11.8	11.9	12.4

**Táboa 7:** Comparación entre a temperatura media en primavera e a media climática galega.

Na seguinte táboa móstrase a distribución por meses da temperatura media na primavera de 2018 para esta serie de referencia.

Temperatura media mensual (°C)			
Mes	2018	1971-2000	1981-2010
marzo	8.5	10.3	10.8
abril	12.2	11.5	11.9
maio	14.8	13.9	14.4

**Táboa 8:** Comparación entre a temperatura media mensual do primavera 2018 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Pódese dicir que, en canto á temperatura media e considerando o período de referencia 1981-2010, o mes de marzo foi extremadamente frío, mentres que abril e maio foron normais.

Na táboa 9 pódese observar a temperatura media das máximas na estación de primavera e a comparación cos valores de referencia dos períodos 1971-2000 y 1981-2010. Tendo en conta os percentiles das series, as máximas desta primavera poden cualificarse como moi frías.



Temperatura media das máximas en primavera(°C)		
2018	1971-2000	1981-2010
16.6	17.1	17.6

**Táboa 9:** Comparación entre a temperatura máxima media en primavera e a media climática galega.

Mensualmente, marzo resultou extremadamente frío, abril normal e maio cálido con respecto ao período 1981-2010.

Temperatura media das máximas por mes (°C)			
Mes	2018	1971-2000	1981-2010
marzo	12.2	15.6	16.1
abril	17.3	16.5	17.1
maio	20.4	19.1	19.7

**Táboa 10:** Comparación entre a temperatura máxima media mensual do primavera de 2018 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

En canto ás temperaturas mínimas, a primavera pódese considerar como normal, cunha anomalía negativa de 0.1 °C con respecto ao período de referencia 1981-2010.

Temperatura media das mínimas en primavera(°C)		
2018	1971-2000	1981-2010
7.0	6.8	7.1


**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura mínima media en primavera e a media climática galega.

A escala mensual, marzo resultou frío, abril cálido e maio normal, con respecto ao último período de referencia.

Temperatura media das mínimas por mes (°C)			
Mes	2018	1971-2000	1981-2010
marzo	4.8	5.1	5.5
abril	7.2	6.4	6.6
maio	9.2	8.8	9.1


**Táboa 12:** Comparación entre a temperatura mínima media mensual do primavera de 2018 e as medias mensuais climáticas nos períodos de referencia mostrados.

Na figura 5 móstrase a evolución da temperatura media das primaveras dende o ano 1961 ao ano 2018.



**Figura 5:** Evolución da temperatura media na primavera para a serie rexional galega.

A temperatura media da primavera acadou un valor de 11.8 °C. A anomalía da temperatura media para Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.53 °C, o que fai que, segundo os criterios da táboa 0.1, poida considerarse como unha primavera fría. De feito, resultou a terceira primavera máis fría desde principios deste século, preto de 2016 e de 2013. Estas anomalías negativas reflíctense tamén tanto nas máximas e nas mínimas.



**Figura 6:** Evolución da anomalía da temperatura na primavera no período 1961-2018.

### 3.2. Precipitación

Na táboa 13 móstranse os valores medios de precipitación acumulada na primavera de 2018, ademais dos valores climáticos dos períodos 1971-2000 e 1981-2010. A serie rexional constrúese a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas.

Precipitación acumulada estacional (L/m <sup>2</sup> )		
2018	1971-2000	1981-2010
537	311	312

**Táboa 13:** Comparación entre a precipitación acumulada na primavera 2018 e os valores climáticos.

A porcentaxe de precipitación nesta primavera foi un 73% superior con respecto ao período de referencia 1971-2000 e un 72% superior con respecto ao período de referencia 1981-2010. Segundo os criterios da táboa 0.2, considérase unha primavera moi húmida con respecto ao último período.


O estudo mensual da precipitación acumulada nesta primavera (táboa 14) mostra que marzo foi extremadamente húmido, abril húmido e maio moi seco.

Precipitación acumulada por mes(°C)			
Mes	2018	1971-2000	1981-2010
marzo	343	98	100
abril	150	111	115
maio	44	102	96

**Táboa 14:** Comparación entre os valores acumulados de precipitación dos meses de primavera e as medias correspondentes aos períodos climáticos.


Na figura 7, pode verse a evolución da precipitación nas primaveras desde o ano 1961 ao 2018.





**Figura 7:** Precipitación acumulada na primavera para a serie rexional galega.

Na figura 8 móstranse as anomalías de precipitación en primavera, xunto coa media móbil de 5 anos. A chuvia media para as dezaseis estación que compoñen a serie rexional foi de 537 L/m<sup>2</sup>. A anomalía media das precipitacións para esta primavera en Galicia, para esta serie rexional, foi un 78% superior ao valor normal, o que fai que poida considerarse como unha primavera moi húmida, superada tan só polo ano 2001, no que a anomalía foi de 99% por riba do normal.



**Figura 7:** Evolución da anomalía de precipitación na primavera no período 1961-2018.